

Mediante acordo do Consello de Goberno do 2 de marzo de 2015 aprobouse a oferta de prazas nas titulacións de grao da Universidade de Santiago de Compostela para o curso 2015-16. Esta oferta incluía as prazas para alumnos que iniciaban os estudos nos graos e nas dobres titulacións de grao, as prazas nos cursos ponte, así como as prazas para as diversas cotas de traslados e validación parcial de estudos estranxeiros. Ao mesmo tempo, autorizouse ao Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa a ditar as resolucións correspondentes para interpretar e regular as incidencias relativas á dita oferta.

Desde o Servizo de Xestión Académica informan de que a oferta de prazas no Curso ponte para a obtención do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos non se adecúa á demanda existente nas dúas cotas establecidas para este Curso Ponte (cota para Graduados Sociais e cota para Diplomados en Relacións Laborais), de forma que nunha delas hai vacantes, mentres que na outra hai unha demanda maior.

En consecuencia, esta Vicerreitoria

RESOLVE,

No caso de que nalgunha das cotas do Curso Ponte do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos exista unha demanda maior que as prazas ofertadas poderán acumularse as prazas vacantes da outra cota, de forma que a oferta global non supere o nº total de prazas aprobada para o Curso Ponte no Consello de Goberno do 2 de marzo de 2015.

Este mesmo criterio deberá seguirse cando se produza unha situación similar noutros cursos ponte.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2015
O Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa




Roberto López López